

Concello de Viveiro

EXPTE.- 4796/2025

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 26 de xuño de 2025 N.º 145, publícase a convocatoria do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 ata o 31 de marzo de 2026.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección e a convocatoria para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino de psicólogo/a do CIM do Concello de Viveiro.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 15 de xullo de 2025 relativa ao nomeamento dos membros do Tribunal e á citación para a constitución de dito Tribunal do proceso para a selección de UN PSICÓLOGO/A, con carácter temporal, mediante modalidade de funcionario interino, encadrado no suposto previsto no artigo 23.2 c) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, ao amparo da RESOLUCIÓN de 21 de maio de 2025 da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 ata o 31 de marzo de 2026, que di: "(...) **SEGUNDO.-** Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o martes DÍA 29 DE XULLO DE 2025 ás 09:00 h**, para a constitución do Tribunal, valoración de méritos e proposta de selección...."

Tendo en conta que por motivos organizativos, non se poderá realizar a Constitución do Tribunal do proceso selectivo para a selección de un psicólogo/a en data 29 de xullo de 2025.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro **o xoves DÍA 31 DE XULLO DE 2025 ás 09:00 h**, para a constitución do Tribunal, valoración de méritos e proposta de selección.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa-Presidenta,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

D^a. María Carmen Gueimunde González

D^a. María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

